



Laboral | Sanidade | Vigo

A Xustiza reconece o dereito do persoal de Vithas Fátima a computar o cambio de quenda como xornada efectiva

A sentenza, a instancias dunha demanda de CCOO, sinala que o tempo destinado a informar os doentes é «de absoluta necesidade», de aí que se deba incluír no cálculo horario

19-6-2025. - A Federación de Sanidade de CCOO vén de obter unha importante vitoria xudicial para o persoal do hospital Vithas Fátima de Vigo. A sala do Social número 3 da cidade estimou a demanda de conflito colectivo presentada por Comisións Obreiras, recoñecendo que o tempo destinado á transmisión da información clínica nos cambios de quenda debe ser considerado como xornada laboral efectiva.

A sentenza establece que as profesionais dos servizos de enfermaría e persoal técnico en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) que desenvolven a súa actividade nas áreas de hospitalización, urxencias e UCI teñen dereito a que ese tempo —empregado na coordinación e traspaso de datos clínicos entre quendas— se compute dentro das 1770 horas anuais recollidas no convenio colectivo de aplicación.

Durante o procedemento xudicial acreditouse que o tempo investido nesta tarefa oscila aproximadamente entre 15 e 20 minutos no caso do persoal de enfermaría e entre 10 e 15 minutos no caso do persoal auxiliar.

A maxistrada reconece que esta transmisión de información entre quendas non só é unha práctica habitual senón que «resulta de absoluta necesidade» co obxectivo de garantir «o adecuado tratamento e seguridade dos enfermos ingresados». Así mesmo, subliña que se realiza no posto de traballo, antes de iniciar e ao rematar cada quenda, polo que debe considerarse tempo efectivo de traballo segundo a lexislación vixente e o convenio colectivo.

Desde a Federación de Sanidade de CCOO valórase «moi positivamente» esta resolución xudicial, que supón un recoñecemento ao traballo imprescindible que realiza o persoal sanitario máis aló do tempo formal de traballo. O sindicato lembra que o cambio de quenda, lonxe de ser un simple trámite, «é un momento crítico para garantir a continuidade asistencial e a seguridade das persoas ingresadas».

CCOO continuará loitando para que este dereito se respecte e aplique en todos os centros sanitarios, e para que se recoñeza o valor real do tempo e do esforzo que o persoal dedica ao coidado das persoas.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2025

GABINETE DE COMUNICACIÓN
Horario de verán: luns a venres, 8-15 h
686 469 993 / 981 551 838 | prensa@galicia.ccoo.es
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>